BENIGNO

David Baute, 2026

1869

ESTREA EN NUMAX: 30.11.2026 | V.O. | TP | 77 min

Hai persoas que pasan toda a súa vida na mesma casa, a casa natal onde descansa o pasado familiar. Benigno, aos seus oitenta e oito anos aínda dorme, come e soña no fogar que o viu nacer, o fogar que se enraíza á terra para elevarse ao ceo. A casa tense soa, xunto a Benigno e a súa tartaruga Totó, entre o limbo dos recordos, o ritual do cotiá e a espera do día final. Ao caron da casa, o seu horto, ao que acode diariamente para acompañar ás súas galiñas, e traballar na terra coas sementes herdadas dos seus antepasados, que cataloga e conserva ceremoniosamente.

Título orixinal: Benigno
Ano: 2026
Duración: 77 minutos
Idioma orixinal: Español
Dirección: David Baute
Guión: María Abenia, David Baute
Montaxe: Raúl Barreras, Manuel Muñoz Rivas
Son: Nahuel Palenque, Sara Sánchez
Música: Joseba Beristain, Dori Díaz Jerez
Fotografía: Mauro Herce
Produtora: Tinglado Films

PREMIOS E FESTIVAIS
SEMINCI 2026 (Alquimias)

«Transmite unha singular felicidade, similar á que experimentei nos 80 cos "Portraits" de Alain Cavalier»
José Luis Guerin



Entrevista con David Baute: «'Benigno' fala de algo que todos buscamos: sentirnos acompañados e conectados cos demais»

Por Valerio Caruso

Como descubriches a historia de Benigno e que foi o que te convenceu de que debía converterse nunha película? Benigno naceu no barrio do Volcán, en Garachico (Tenerife), onde eu tamén nacín. De nenos entrabamos no seu patio para beber auga da súa bernegal mentres el nos falaba do volcán Trevejo, cuxa erupción en 1706 transformou a vila. Lembro aquel barrio como unha comunidade unida, onde as casas parecían formar parte dun mesmo fogar. Benigno sempre foi unha figura singular: un home sen parella, profundamente espiritual e alleo ás convencións. Admirábao desde neno. Décadas despois, seguía sentindo curiosidade polo seu xeito de vivir e por ese universo cotián que compartía coa miña propia familia.

A película adopta a forma dun retrato íntimo construído desde a confianza que existe entre nós. Máis que intervir na súa realidade, a cámara observa e acompaña. A través de pequenos xestos, rutinas e silencios, o espectador penetra aos poucos na vida de Benigno. Como nos meus traballos anteriores, interésame explorar esas historias aparentemente pequenas que terminan revelando algo profundamente humano.

***Benigno* aborda cuestións moi universais a partir dunha experiencia privada. Que aspectos do seu protagonista cres que poden conectar con públicos de distintos países e culturas?** Aínda que nace dunha experiencia moi local, *Benigno* fala de temas universais. É a historia dun home sensible que afronta a última etapa da súa vida intentando resistirse ao paso do tempo e á soidade. A película atopa poesía no cotián: escoitar os sons da rúa, ler, tomar un café ou desfrutar de pequenos rituais diarios. Son experiencias que calquera persoa pode recoñecer, independentemente da súa orixe.

A casa ocupa un lugar central na película. É o espazo da memoria, da infancia e dos recordos. Pero tamén o é o barrio, entendido como unha extensión do fogar. Os encontros cos veciños, os sons compartidos e os vínculos de comunidade constrúen un retrato de pertenza que transcende fronteiras. Nese sentido, *Benigno* fala de algo que todos buscamos: sentirnos acompañados e conectados cos demais.

Despois dos teus traballos anteriores, que novos retos creativos supuxo a realización de *Benigno* e que esperas que o público leve consigo ao saír da sala? *Benigno* é unha celebración do simple e do cotián, e precisamente aí residía un dos principais retos creativos: atopar beleza cinematográfica nos pequenos xestos de cada día. A película foi rodada en Super 8 mm, unha elección que achegou unha textura moi especial e que permitiu construír unha mirada íntima e próxima ao personaxe. Todo o equipo traballou para crear unha atmosfera que reflectise a sobriedade, a sensibilidade e a memoria que atravesan a vida de Benigno.

Máis aló dos seus aspectos formais, esperamos que o público conecte coa humanidade do protagonista. Benigno é unha persoa amable, detallista e profundamente consciente do valor das pequenas cousas. As súas accións lémbrannos que a felicidade tamén pode atoparse nas rutinas máis sinxelas. Se a película consegue que o espectador saia da sala reconciliado co seu propio tempo, co seu espazo e co pracer de estar vivo, cumpriría o seu obxectivo.

Publicado en cineuropa.org